

La Casa de los Dioses

A Saúde

Varias crenzas

San Justo de la Vega, León, España

Abril de 2020

Galina Dimitrova (48 anos), David Vidal Figuls (45), Tamino Henrich (27), Francisco Paco (57), Taoufik Hajaoui (33) e Alan Whitworth (70)

Debido a pandemia da COVID-19, o Goberno decidiu o 14 de marzo de 2020 a declaración do estado de alarma en todo o territorio español, coa consecuente prohibición do tránsito de peregrinos cara a Compostela.

Foi entón cando souben que un grupo de diferentes nacionalidades quedara atrapado en *La Casa de los Dioses* (San Justo de la Vega, León); un lugar sen electricidade nin auga corrente, construído con ladrillos, madeira e adobe. Antes da pandemia xa era un símbolo do Camiño, e durante aquel momento de crise aínda o foi máis.

Nun país a ralentí, con restricións ao movemento de persoas, este lugar converteuse nunha sorte de espazo onde se celebraba a vida nos actos máis minúsculos: espertar, pasear polo bosque, recoller lavanda, conversar a carón do lume...

Nada máis chegar, dinme conta de que a miña presenza naquel oasis non podía alterar o día a día daquelas persoas que levaban xa un tempo convivindo sen máscara, sen distancia, onde o contacto e os abrazos seguían formando parte da vida.

Se quería sentirme partícipe dun fogar que me abriron de par en par, tiña que deixarme levar polo destino.